

ASUNTO: Procedemento de Actuación Dirección Técnica Comité Galego de Xuíces
PARA: Delegacións Territoriais FGA, Comités de Xuíces, Xuíces de paneis Dirección Técnica, e Xuíces que actúen como Director Técnico.

A continuación explícase o **Procedemento de Control de Dirección Técnica** que afecta a tódalas probas de atletismo que se desenvolvan en Galicia baixo a supervisión da Federación Galega de Atletismo ou Real Federación Española de Atletismo e que afecta a tódolos xuíces con licenza por Galicia, independentemente que pertencen a paneis nacionais de Dirección Técnica ou non.

A] PROBAS DE CALENDARIO NACIONAL

Nas probas de Calendario Nacional (tipo Ligas de Clubs, Campionatos de España, etc. desenvolvidas en Galicia) o Director Técnico da Competición ten que enviar a seguinte documentación á Comisión de Dirección Técnica del CNJ:

- Informe do Director Técnico no modelo oficial do CNJ.
- Certificados de Homologación de Artefactos oficiais do CNJ (no seu defecto escaneados os certificados dos artefactos non válidos).
- Fotografías, uso dos artefactos en competición, documentos e calquera outra información que sexa considerada de interés.

Esta documentación será enviada por correo electrónico a: designaciones@rfea.es con copia a jcarlospuertach@gmail.com (responsable da Comisión de DT).

Os documentos pódense descargar da páxina web do CNJ.

B] PROBAS DE CALENDARIO FGA

Nas probas do Calendario da FGA (sobre todo Campionatos Galegos, Circuito Galego, Criteriums e Encontros Nacionais/Internacionais) o Director Técnico da Competición ten que enviar a seguinte documentación ó Responsable da Dirección Técnica do Comité Galego de Xuíces:

- Informe del Director Técnico no modelo oficial do CGX.
- Certificados de Homologación de Artefactos oficiais do CNJ (no seu defecto escaneados os certificados dos artefactos non válidos).
- Fotografías, uso dos artefactos en competición, documentos e calquera outra información que sexa considerada de interés.

Esta documentación será enviada por correo electrónico a: a.lopez.montesinos@gmail.com (membro da Comisión de DT).

Os documentos pódense descargar da páxina web do CGX.